

ENSINANZAS EXISTENTES

EDUCACIÓN INFANTIL.

Etapas educativas. Organizada en dous ciclos; o segundo gratuito.

EDUCACIÓN PRIMARIA.

Consta de seis cursos que se cursan ordinariamente entre os 6 e 12 anos.

EDUCACIÓN SECUNDARIA.

Divídese en obrigatoria (ESO) e postobrigatoria (bacharelato, FP de grado medio, ensinanzas profesionais de artes plásticas e diseño de grado medio e as ensinanzas deportivas de grado medio).

- ▶ **Educación secundaria obrigatoria (E.S.O.).** Consta de catro cursos que se cursan ordinariamente entre os 12 e 16 anos. Hai programas de diversificación curricular a partir de 3º orientados á consecución do título. O título de Graduado en ESO dá acceso á secundaria postobrigatoria. Ao rematar os estudos de Ensinanza Secundaria Obrigatoria (4º de ESO), o alumnado ten diferentes posibilidades; entre elas poden acceder aos Ciclos de Grao Medio de formación profesional, ou poden continuar cos estudos de Bacharelato.
- ▶ **Programas de cualificación profesional inicial (P.C.P.I.).** Para alumnos maiores de 16 anos, excepcionalmente de 15. Inclúen tres tipos de módulos:
 - a) Tendentes á obtención dunha cualificación profesional,
 - b) Formativos de carácter xeral
 - c) voluntarios conducentes á obtención do título de graduado en ESO.
- ▶ **Bacharelato.** Consta de dous cursos con tres modalidades: Artes, Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais.

O bacharelato de Artes organizaráse en dúas vías: **Artes Plásticas, Diseño e Imaxe e Artes Escénicas, Música e Danza.** Os estudos de Bacharelato daránlles acceso aos Ciclos Formativos de Grao Superior e, se aproban a Selectividade, poderán optar por estudos universitarios. Desenvólvese en diferentes modalidades coa finalidade de ofrecer unha preparación especializada ó alumnado acorde coas súas perspectivas e intereses de formación, e dependendo da modalidade que escollan poderán acceder a unhas titulacións ou outras. O título de bacharelato dá acceso á educación superior.

O bacharelato comprende dous cursos académicos que se poderán cursar durante catro anos, consecutivos ou non. Esta novidade aplicaránse no primeiro curso dende 2008-2009 e no curso segundo dende 2009-2010.

Organízase en materias comúns, de modalidade e optativas (entre estas unha segunda Lingua Estranxeira e Tecnoloxías da Información e a Comunicación).

As comúns son Ciencias para o Mundo Contemporáneo (nova), Educación Física, Filosofía e Cidadanía (antes Filosofía), Historia de España, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Cooficial e Literatura (se a houber) e Lingua Estranxeira.

En segundo, deberanse impartir polo menos Historia da Filosofía, Historia de España, Lingua Castelá e Literatura e Lingua Estranxeira para facilitar a homogeneidad da proba de acceso á universidade. Relixión. Será voluntaria. A súa cualificación non computará na nota para o acceso á universidade, as convocatorias de bolsas nin axudas ao estudo en que concorra o expediente académico. Non se menciona que tratamento recibirán os alumnos que non cursen esta materia.

A avaliación será continua e diferenciada segundo as distintas materias. Os alumnos poderán realizar unha proba extraordinaria das materias non superadas cando determinen as administracións. Cualificacións 0-10. Os resultados académicos expresaranse a partir de agora numericamente de cero a dez, sendo negativas as notas que sexan inferiores a cinco.

EDUCACIÓN SUPERIOR. Está constituída polas ensinanzas universitarias, as ensinanzas artísticas superiores, a FP de grado superior, as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grado superior e as ensinanzas deportivas de grado superior.

- ▶ **Ensinanzas universitarias.** Están reguladas polos RR. DD. 55/2005 y 56/2005, de 21 de xaneiro. Para acceder a elas é necesario superar unha proba de acceso.

As novas universitarias en Galicia: Os cinco primeiros grados que estrenará Galiza no curso que ven adaptarán tamén o seu calendario ó marco europeo. As clases arrancarán en torno ó 22 de setembro e **os exames de setembro adiantaranse a xullo**, de xeito que, suspendan ou aproben, **o alumnado poderá disfrutar de agosto sen pensar nos exames.**

A medida aplicarase en Socioloxía e Terapia Ocupacional na Universidade de Coruña; Matemáticas e Ciencias Políticas e da Administración na de Compostela; e Belas Artes na de Vigo. Tamén funcionará nos postgrados oficiais.

Outra das novas é que o alumnado terá que **facer un traballo de fin de grado** de entre 6 e 30 créditos e defendelo ante un tribunal. O tipo de traballo que deberá presentarse dependerá de cada plan de estudos. Así poderá consistir nun proxecto de inxeniería, unha memoria de prácticas... As prácticas en empresas dentro dos programas oficiais serán tamén máis habituais.

Tamén coa reforma da LOU, o alumnado poderá **convalidar actividades deportivas ou de voluntariado** por créditos de libre configuración, queda por decidir como haberá que acreditarlas.

Outra das novidades será que todos os estudantes que queiran ser titulados en calquera carreira pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) terán que demostrar que saben inglés. As novas carreiras adaptadas a Europa esixirán o **coñecemento de algunha lingua estranxeira**, que non será necesariamente a inglesa, aínda que si a preferente. Actualmente o alumnado accede a unha universidade cun nivel de inglés B1, que é intermedio. O nivel B1, recoñecido pola Unión Europea, significa que quen o ten pode comunicarse se vai de viaxe a un país no que se fale esa lingua.

A USC premiará a aqueles que superen ese nivel. Ninguén aprobará sen o B1, pero os que alcancen o B2-equivalente ó xa coñecido First Certificate da Universidade de Cambridge- recibirán créditos convalidables por asignaturas de libre elección ou optativas.

A Universidade compostelana aínda estuda os mecanismos cos que porá en marcha a iniciativa. Algúns certificados poderán convalidarse pero non todos. Nos demais casos, o Centro de Linguas Modernas da USC fará un exame ó alumnado para que poidan acreditar o seu nivel. Se non o su peran deseñase un plan de formación e o alumnado terá que acceder a un dos cursos. Ate que non o supere e acredite o nivel non acabará a titulación.

Segundo a normativa interna, os novos títulos de grado desta Universidade deberán ter en común unhas competencias transversais: lingua galega, lingua estranxeira e novas tecnoloxías. Só o coñecemento do idioma estranxeiro será obrigatorio, mentres que as outras serán optativas. Para o próximo ano entrará en vigor en Políticas e Matemáticas. O resto deberán facelo antes do curso 2010-2011

O ano 2010 é a data límite para a posta en marcha dunhas cen novas carreiras universitarias. Estas carreiras terán unha estrutura diferente e substituirán as actuais 150 titulacións universitarias. Este gran cambio ven da man dunha reforma educativa cuxo obxectivo é **adaptar e igualar todos os títulos universitarios en Europa.**

OS NOVOS MODELOS UNIVERSITARIOS

A adaptación ó sistema europeo obríganos a cambiar a estrutura do sistema universitario. O novo modelo estará formado por tres niveis.

PRIMEIRO NIVEL: TÍTULO DE GRADO

O primeiro nivel conducirá á obtención do título de grado que substituirá as actuais licenciaturas, diplomaturas, inxenierías, inxenierías técnicas, arquitectura e arquitectura técnica. A carga lectiva destas titulacións será de entre 180 e 240 créditos o que equivaldrá a 3 ou 4 cursos académicos. Cada curso contará cunhas directrices comúns que serán fixadas polo Ministerio de Educación, e o resto quedará a disposición das universidades, que poderán deseñar a súa oferta específica e engadir aos títulos oficiais “mencións” ou itinerarios homologables. Así, os contidos dos plans de estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais de Grado compóranse nun 50% de materias comúns e noutro 50% de contidos formativos específicos determinados por cada universidade.

SEGUNDO NIVEL: MASTER OFICIAL

Unha vez finalizados os estudos do primeiro nivel, o alumnado `poderá pasar ó segundo nivel co que obterán o título oficial de master. Para acceder a estes estudos deberase ter o título de Grado, aínda que excepcionalmente poderase admitir a estudantes que acrediten ter superado polo menos 180 créditos de ensinanzas de primeiro ciclo.

Os masters oficiais terán unha duración de entre 60 e 120 créditos (1 ou 2 cursos académicos) e estarán dirixidos a realizar unha especialización académica ou profesional, ou a promover a iniciación en tarefas de investigación. Os estudos oficiais de masters poderán incorporar especialidades na programación das súas ensinanzas que se correspondan co seu ámbito científico, humanístico, tecnolóxico ou profesional. A universidade asignará un número determinado de créditos a cada unha das materias e actividades formativas do programa.

O Goberno poderá establecer directrices xerais propias e requisitos especiais de acceso nos estudos conducentes ó título oficial de master, en aqueles casos en que, segundo a normativa vixente, dito título habilite para o acceso a actividades profesionais reguladas.

En canto ós estudantes que estean en posesión dun título de educación superior estranxeiro e queiran cursar en España estudos de postgrado, poderán ser admitidos sen necesidade de homologar os seus títulos se a universidade comproba que teñen un nivel de formación equivalente.

TERCEIRO NIVEL: DOUTORADO

O título de Doutor seguirá sendo o máximo grado académico e poderase obter tras cursar un programa de doutorado e realizar unha tese doctoral. Poderán acceder a él as persoas que estean en posesión do título oficial de master ou obtiveran un mínimo de 60 créditos en programas oficiais de postgrado, ademais de ter completado un mínimo de 300 créditos no conxunto dos seus estudos universitarios de grado e postgrado. A posesión do título de doutor facultará para exercer a docencia e a investigación.

Cada universidade será a encargada de establecer as liñas de investigación, a relación de profesorado e investigadores encargados de teses doutorais nos seus centros, o número máximo de estudantes, os criterios de admisión, de selección e a programación e metodoloxía a seguir.

Son as universidades as que deciden que títulos dan. Cada campus fai os seus plans de estudos, e se superan os controles de calidade do Ministerio (a través da Axencia de calidade, Aneca) e das comunidades, pasarán a formar parte do Rexistro oficial de títulos. Todas as carreiras que se ofrezan a partir do curso 2010-2011 teñen que responder ó novo modelo.

Ata agora, a carga dunha materia universitaria mediase só en forma de docencia e cada crédito equivalía a 10 horas de clase. Os novos créditos ECTS, que se implantarán en todos os estudos universitarios da man do espazo europeo, pasan a medir o tempo total que un alumno debe dedicar a unha materia, contando tanto as de clases maxistras, prácticas ou tutorías como o que dedica ao estudo persoal ou os traballos en grupo.

Cada crédito ECTS sumará entre 25 e 30 horas de traballo, de modo que un curso de 60 créditos implicará unha carga de traballo global por ano de 1.500 a 1.800 horas ou, o que é o mesmo, entre 36 e 40 horas de traballo semanais.

O sistema, fronte ao actual centrado no ensino, reforzará o proceso de aprendizaxe, de modo que as clases presenciais perderán peso. A USC decantouse por créditos ECTS de 25 horas e destas só entre 7 e 10 serán sesións presenciais .

- ▶ **Formación profesional.** Pódese acceder sen os requisitos académicos superando unha proba de acceso (ao grado medio os maiores de 17 anos e ao grado superior os maiores de 19 anos ou 18 se están en posesión do título de técnico relacionado coa especialidade).
- ▶ **Ensinanzas de réxime especial.** Son as ensinanzas de idiomas, as ensinanzas artísticas e as ensinanzas deportivas.
- ▶ **Ensinanzas de idiomas.** Para acceder será necesario ser maior de 16 anos, salvo os maiores de 14 anos, si estudian un idioma distinto do cursado na ESO. Co título de bacharelato se accede de xeito directo ao nivel intermedio da primeira lingua cursada no bacharelato.
- ▶ **Ensinanzas deportivas.** Para acceder ao grado superior será necesario posuír o título de bacharelato e o título de grado medio da especialidade correspondente. Na algunhas especialidades pode ser necesario superar unha proba de acceso específica. Poderase acceder sen os requisitos académicos superando unha proba de acceso (ao grado medio os maiores de 17 anos e ao grado superior os maiores de 19 anos ou 18 se están en posesión do título de técnico relacionado coa especialidade).
- ▶ **Ensinanzas artísticas profesionais.** Son as ensinanzas profesionais de música e danza e os grados medio e superior de artes plásticas e deseño. Para o seu acceso é necesario superar unha proba específica. O alumnado que finalice as ensinanzas profesionais de música e danza obterán o título de bacharelato se supera as materias comúns de bacharelato. Pódese acceder sen os requisitos académicos ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño superando unha proba de acceso (ao grado medio os maiores de 17 anos e ao grado superior os maiores de 19 anos ou 18 se están en posesión do título de técnico relacionado coa especialidade).
- ▶ **Ensinanzas artísticas superiores.** Para o seu acceso requírese, ademais do título de bacharelato, superar unha proba específica. Poderanse establecer convenios coas universidades para a organización de estudos de doutorado propios destas ensinanzas.
- ▶ **Educación de persoas adultas.** Está destinada aos maiores de 18 anos. A súa metodoloxía é flexíbel e aberta. Para facilitar a incorporación dos adultos ao sistema educativo prepararanse probas para a obtención de títulos e o acceso ás distintas ensinanzas.

ACCESOS A FORMACIÓN PROFESIONAL:

Para acceder a Formación Profesional, os alumnos precisan ter unha titulación mínima, ter rematado 4º de ESO para o Grao Medio e 2º de Bacharelato para o Grao Superior. No caso de que non se teñan estas titulacións, hai outra vía para poder estudar un ciclo que sería a través das probas de acceso.

Probas de acceso ós Ciclos de Grao Medio: o alumnado para poder presentarse teñen que ter 17 anos ou cumprilos no ano que se presentan á proba. Esta norma da idade non se aplica aos alumnos dos Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI). Os contidos da proba son de lingua galega e literatura, lingua española e literatura, historia, xeografía e sociedade e tecnoloxía e matemáticas.

Probas de acceso a Ciclos de Grao Superior: os alumnos deben ter cumpridos os 19 anos, ou cumprilos no ano que se presentan á proba. No caso de o alumnado teña cursado un ciclo de grao medio da mesma familia profesional, a idade mínima será de 18 anos. Os contidos desta proba divídense nunha parte xeral, con exames de lingua española, galega, inglés ou francés e matemáticas, e unha específica en función do ciclo que se vaia a cursar.

Para máis información www.edu.xunta.es/fp, no apartado de Probas de acceso

BOLSAS E AXUDAS

Bolsas xerais para alumnado que curse estudos postobligatorios no universitarios: Estas bolsas son axudas para os estudos post-obligatorios: Bacharelatos, Ciclos formativos, Escola Oficial de Idiomas... Non poderán optar, sen embargo, os que xa teñen unha titulación universitaria. Estas bolsas concédense en función das notas e do nivel de renda familiar, e deben ser entregadas coa matrícula. A convocatoria é anual, e polo xeral saen publicadas a primeira semana do mes de xuño. (www.mepsyd.es)

Bolsas de mobilidade para alumnado universitario e de outros estudos superiores: Bolsas para o alumnado que curse en centros españois calquera dos estudos seguintes con validez en todo o territorio nacional:

- 1) Estudos universitarios conducentes ao título de Grao
- 2) Estudos universitarios conducentes ao título de Licenciado/a, Enxeñeiro/a, Arquitecto/a, Diplomado/a, Mestre/a, Enxeñeiro/a Técnico/a e Arquitecto/a Técnico/a 3)
- 3) Estudos universitarios de Másteres oficiais
- 4) Curso de preparación para acceso á universidade de maiores de 25 anos impartido por universidades públicas.
- 5) Cursos de adaptación para diplomados/as universitarios/as que desexen proseguir estudos oficiais de licenciatura.
- 6) Ensinos artísticos superiores.
- 7) Estudos relixiosos superiores
- 8) Estudos militares superiores.

Non se inclúen nesta convocatoria as bolsas para a realización de estudos correspondentes ao terceiro ciclo ou doutoramento, estudos de especialización, títulos propios das universidades nin outros estudos de posgrao. A convocatoria é anual, e polo xeral saen publicadas a primeira semana do mes de xuño. (www.mepsyd.es)

Bolsas para cursos de idiomas: Tanto o Ministerio de Educación como a Xunta de Galicia convocan cada ano nos meses de febreiro e marzo axudas para cursar cursos de idiomas no estranxeiro. Estas axudas dependen das notas e do nivel de renda. No caso das bolsas do Ministerio, ademais, é requisito ter concedida unha bolsa da convocatoria xeral para poder optar ás axudas no estranxeiro. As axudas do Ministerio de Educación van dirixidas a estudantes de Bacharelato, Ciclos formativos, universidade e tamén dirixidas a mozos de entre 18 e 30 anos que estean cursando estudos e que disfrutaran dunha bolsa da convocatoria xeral o curso anterior. (www.mec.es)

As axudas da Xunta de Galicia: a consellería de Educación oferta axudas para estudantes universitarios que estuden en universidades galegas ou na UNED, aos que se lles esixe ter un mínimo de materias aprobadas para poder optar ás bolsas. Pode ver máis información na páxina www.edu.xunta.es.

Tamén hai bolsas para alumnos de ESO e de Bacharelato, neste caso pídeselles ter aprobada a lingua que van perfeccionar, e tamén é un requisito o nivel de renda. Estas bolsas tramítanse a través da web, na páxina www.edu.xunta.es/axudasle.

Oferta de Bacharelatos que se están a impartir en Vigo, tanto en centros públicos como privados:

-IES Santa Irene: Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Humanidades e Ciencias Sociais

-IES Santo Tomé de Freixeiro: Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Humanidades e Ciencias Sociais

-IES A Guía: Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Humanidades e Ciencias Sociais

-IES Castelao: Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Humanidades e Ciencias Sociais

-IES Politécnico: Modalidades de Artes, de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Tecnoloxía

-IES Alexandre Bóveda: Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Humanidades e Ciencias Sociais

-IES Manuel Antonio: Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Humanidades e Ciencias Sociais

-IES Valentín Paz Andrade: Modalidades de Humanidades e Ciencias Sociais e Tecnoloxía

-IES Álvaro Cunqueiro: Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Humanidades e Ciencias Sociais

-IES Carlos Casares: Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde, de Humanidades e Ciencias Sociais e de Tecnoloxía

-IES Ricardo Mella: Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Tecnoloxía

-IES Teis: Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde, de Humanidades e Ciencias Sociais e de Tecnoloxía

-IES República Oriental do Uruguai (Rosais I): Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Humanidades e Ciencias Sociais

-IES Rosais II: Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Humanidades e Ciencias Sociais

- IES Beade:** Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Humanidades e Ciencias Sociais
- IES Coruxo:** Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde, de Humanidades e Ciencias Sociais e de Tecnoloxía
- IES do Castro:** Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde, de Humanidades e Ciencias Sociais e de Tecnoloxía
- Colexio Amor de Dios:** Modalidade de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Humanidades e Ciencias Sociais
- Colexio Apostol Santiago:** Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde, de Humanidades e Ciencias Sociais e de Tecnoloxía
- Colexio Compañía de María:** Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde, de Humanidades e Ciencias Sociais e de Tecnoloxía
- Colexio María Auxiliadora:** Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde e Humanidades e Ciencias Sociais.
- Colexio María Inmaculada:** Modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde, de Humanidades e Ciencias Sociais e de Tecnoloxía
- Colexio Miralba:** Modalidades e Ciencias da Natureza e da Saúde e de Humanidades e Ciencias Sociais
- Colexio Mariano:** Modalidade de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Humanidades e Ciencias Sociais
- Colexio Montecastelo:** Modalidade de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Humanidades e Ciencias Sociais
- Colexio San Miguel 2:** Modalidade de Artes, de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Humanidades e Ciencias Sociais
- Colexio Rosalía de Castro:** Modalidade de Ciencias da Natureza e da Saúde, de Humanidades e Ciencias Sociais e de Tecnoloxía
- Colexio San José de Cluny:** Modalidade de Ciencias da Natureza e da Saúde, de Humanidades e Ciencias Sociais e de Tecnoloxía
- Colexio Aloya:** Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais e de Ciencias da Natureza e de Saúde
- Colexio Las Acacias:** Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais e de Ciencias da Natureza e de Saúde
- Colexio Marcote:** Modalidade de Humanidades, Ciencias Sociais e de Ciencias da Natureza e de Saúde, de Tecnoloxía e de Artes
- Colexio Bouza Brey:** Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais e de Ciencias da Natureza e de Saúde

ENLACES DE INTERESE:

www.mec.es: Páxina do Ministerio de Educación, con información de bolsas, axudas, estudos universitarios, formación profesional, bacharelato, educación a distancia, etc.

www.universia.es: Páxina que contén información de universidades de España e América latina, con boletíns de bolsas, información de emprego, etc.

www.edu.xunta.es: Páxina de educación da Xunta de Galicia, con información variada, con diferentes perfís de acceso.

www.edu.xunta.es/fp: Páxina informativa da Xunta de Galicia sobre os ciclos formativos de formación profesional

www.educared.net: Páxina cun amplo número de recursos educativos, permitindo o acceso dende diferentes perfís, pais/nais, alumnado ou profesorado.

www.educaweb.com: Páxina con grande cantidade de información de orientación académica, publica tamén un boletín semanal de información

www.cesga.es/ciug: Notas de corte, Listas de acceso á universidade, Distrito aberto, PAAU, Probas para maiores de 25 anos, Titulacións

www.uned.es: Universidade Nacional de Educación a Distancia, ten información sobre tódolos estudos, cursos e programas que oferta esta universidade.

www.uvigo.es: Universidade de Vigo, información sobre toda a formación e programas que oferta esta Universidade; inclúe unha Guía de Saídas profesionais das titulacións.

www.udc.es: Universidade da Coruña, información de tódolos programas, convocatorias e estudos que se poden facer nesta universidade.

www.usc.es: Universidade de Santiago de Compostela, información de tódolos programas, convocatorias e estudos que se poden facer nesta universidade.

OUTROS RECURSOS DE INFORMACIÓN:

Inspección educativa: Está situada no edificio institucional da Xunta de Galicia, na plaza da Estrela, na torre2, planta 5º. É a delegación de Educación en Vigo, a onde vos podedes dirixir para plantexar queixas, solucionar problemas, etc.

SIOPE: É o servizo de información ao estudante da Universidade de Vigo. Está situado no Campus As Lagoas, no edificio Miralles. O teléfono de contacto é 986 81 36 30